



## **MEDIDAS DE ACTUACIÓN 18/07/2021**

### **LXXXVIII Campionato de Galicia Absoluto Masculino – LIV Campionato de Galicia Absoluto Feminino ao A.L.**

**Data de celebración:** Domingo 18 de Xullo de 2021, Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos (Vigo)

#### **CONTROL TÉCNICO DA PROBA E CRONOMETRAXE.**

As competicións estarán controladas polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Habrá cronometraxe eléctrica e todo o reflectido no presente regulamento rexeráse polas normas vixentes da FGA, RFEA e WA. Estarán supervisadas polo Coordinador COVID e o persoal COVID da FGA.

#### **SERVIZOS MÉDICOS E OUTROS SERVIZOS.**

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios, así como de ambulancia asistencial. Todos os atletas participantes estarán cubertos por un Seguro Deportivo de Accidentes da Federación Galega de Atletismo e o evento estará cuberto polo seguro de Responsabilidade Civil da FGA.

#### **RECLAMACIÓNS.**

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais.

#### **CÁMARA DE CHAMADAS**

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas. A cal estará perimetrada e con cadeiras que delimiten o espazo de separación entre os/as atletas.

#### **ACCESO E RECOLLIDA DE DORSAIS**

Os/as atletas poderán acceder á instalación polos puntos indicados no mapa da instalación, unha vez finalizada a súa participación, recoméndase o abandono da instalación o antes posible. No caso dos atletas premiados poderán agardar a finalización coa entrega dos trofeos. Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.

É obrigatorio entregar, no momento de acceder á instalación, a folla de Declaración Responsable (agás os/as atletas que o entregarán na cámara de chamadas para recibir o seu dorsal), dispoñible na web atletismo.gal, debidamente cumprimentada e asinada. A toda persoa que acceda á instalación, seralle tomada a temperatura, a cal non poderá superar os 37,5°.

## PROTOCOLO DE SEGURIDADE COVID-19.



### ACCESO Á INSTALACIÓN.

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal das Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización. Realizarase control de temperatura a todas as persoas que accedan á instalación. O acceso do público ata un máximo de 250 persoas por xornada será realizada con petición previa.

Autorizarase o acceso á instalación, dos/das atletas participantes, xuíces e persoal de organización acreditados. Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados. Poderá acreditarse unha persoa representante por Club (delegado/a ou adestrador/a con licenza en vigor); se os participantes dunha mesma entidade son entre 10 e 20 atletas permitirase 1 delegado e 1 adestrador; entre 21 e 30, 1 delegado e 2 adestradores; entre 31 e 40, 1 delegado e 3 adestradores; máis de 41 atletas, 1 delegado e 5 adestradores. Unha vez rematada a súa función prérgase que atletas e persoal responsable abandonen a instalación. Poderán solicitar cadansúa acreditación na web atletismo.gal

Soamente os/as adestradores/as acreditados poderán estar na zona perimetrada na pista, na súa parte exterior. O resto de asistentes (incluídos/as os/as atletas que non estean a competir), deberán estar sempre na grada ou nas zonas sinaladas; na grada, estarase sempre sentado, coa máscara posta correctamente e non se poderán mover do seu sitio, salvo causa xustificada. Haberá persoal da organización para controlar estas indicacións.



## **USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS.**

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA. Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico na zona de acceso á instalación, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido. Haberá produto hixienizante para os tacos de saída das carreiras e para as zonas de concurso que o requiran (artefectos).

## **VESTIARIOS.**

Os vestiarios permanecerán pechados e só se permitirá o acceso ós aseos a disposición dos/as atletas, segundo as indicacións do propietario da instalación respectando as medidas de distanciamento e de hixiene.

## **ZONA DE QUECEMENTO.**

Os/as atletas poderán facer uso da zona de quecemento. O quecemento deberá realizarse de xeito individual, con máscara e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas. Está prohibido quentar correndo arredor da pista fora da zona establecida.

## **CARREIRAS.**

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán depositadas nun cesto e ó rematar a carreira a organización daralles unas novas. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha máscara.

## **COORDINADOR DE PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO.**

A organización estará a disposición do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas. As indicacións do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

A entrega de medais realizarase segundo finalicen a participación nas súas probas coa publicación dos resultados na páxina da FGA.



## NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FISICOID – DXT GALEGO da FGA e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción. Achégase o [ligazón do Protocolo FGA](#) aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte o 9 de xuño de 2021, na súa última actualización.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así coma a xestión da licenza de día e o Ranking Galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.